

Le o texto con moita atención.

Primeiro fai unha lectura rápida; despois, volve lelo amodiño, fixándote ben en todos os detalles, para poder responder as preguntas sen dubidar.

Monforte de Lemos, pola súa estratéxica situación xeográfica, en 1883 foi o núcleo por onde entrou o tren, desde terras castelás, á rexión galega. O primeiro de setembro dese ano, procedente de Madrid, o rei Alfonso XII chegaba a Monforte, na viaxe inaugural da liña férrea que uniu a capital de España coa cidade portuaria da Coruña. Este camiño de ferro facilitou a comunicación de Galicia con Castela, feito histórico que supoñía o final do secular illamento da nosa terra.

A capital de Lemos, coa chegada do tren, vehículo de desenvolvemento e de novas ideas, converteuse no principal nó ferroviario de Galicia. Desde a estación monfortina distribuíase, cara aos eixes Lugo-Ferrol-A Coruña e Ourense-Vigo, o crecente tráfico de viaxeiros e mercancías que entraba en Galicia procedente de Castela e Cataluña e tamén do que saía de terras galegas cara a esas rexións.

Aquí, desde a chegada das primeiras máquinas de vapor ata mediados do pasado século, traballaron miles de operarios, que deron vida a un Monforte moderno. Boa parte da historia do ferrocarril en Galicia escribiuse en Monforte. As instalacións de RENFE na capital de Lemos, aínda na actualidade, son as máis extensas que a empresa ten na comunidade galega, cunha superficie de máis de 270 000 metros cadrados.

Monforte creceu á calor do lume das caldeiras e ao fume das vellas locomotoras de vapor. Entre os anos sesenta e noventa do século XX abríronse outras liñas que deixaron á vella cidade sen a súa principal fonte de riqueza. Pese a todo, a pegada do tren e o olor a ferrocarril persisten en Monforte.

<http://www.jrcasan.com/Noticias/renfe/museo.htm> (trad. e adapt.)



1 Que rei inaugurou a primeira liña de ferrocarril que unía Galicia con Castela?

Juan Carlos I.

Felipe VI.

Alfonso XII.

Fernando VII.

2 Que cidades conectaba ese tren? Marca a opción ou as opcións válidas:

Madrid e Monforte.

Lugo e Ourense.

Madrid e Pontevedra.

Madrid e A Coruña.

3 Monforte é a capital da comarca de...

Viana.

Fisterra.

Lemos.

Chantada.

4 Con que outra rexión española comunicaba o tren de Monforte?

Andalucía.

Valencia.

Cataluña.

Murcia.

5 Cal é a razón de que entrase o tren en Galicia por Monforte? Rodea a resposta correcta:

a) A elección desta vila como lugar de veraneo da familia real.

b) A súa situación xeográfica.

c) A negativa das demais cidades galegas a que o tren chegase a elas.

d) Os magníficos hoteis do lugar.

6 Hoxe, segue sendo Monforte o principal núcleo ferroviario de Galicia? Por que?

.....

7 Ponlle un título ao texto.

.....

Investiga un pouco máis. Entra na web do Museo do Ferrocarril de Galicia (<http://www.muferga.es/visitamuseo.pdf>) e indica:

a) Onde está.

b) Que se fai no parque temático ferroviario.

c) Por onde circula o minitrén.

d) Canto custa a entrada.

